



# Metodoloxía da enquisa de obesidade infantil

<b>Nome</b>	Enquisa de obesidade infantil en Galicia.
<b>Periodicidade</b>	Enquisa única no ano 2013.
<b>Responsable</b>	Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP). Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.
<b>Ámbito xeográfico</b>	Galicia.
<b>Ámbito poboacional</b>	Escolares galegos de Educación Primaria (EP), aproximadamente 133.000, e de Educación Secundaria (ESO), aproximadamente 87.500, segundo datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondentes ao curso 2012-2013.
<b>Ámbito temporal</b>	Outubro-novembro de 2013, que corresponde ao primeiro trimestre do curso 2013-2014.
<b>Marco de mostraxe</b>	Censo de centros escolares que imparten EP e ESO en Galicia, proporcionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con datos do curso 2012-2013.
<b>Procedemento de mostraxe</b>	<p>Mostraxe bietápica estratificada.</p> <p>Primeira etapa: seleccionáronse centros escolares que imparten EP, ESO ou os dous niveis educativos, tanto de titularidade pública como privada. A selección realizouse con probabilidade proporcional ao tamaño do centro.</p> <p>Segunda etapa: selecciouse unha mostra aleatoria de 3 aulas de EP e 2 aulas de ESO, segundo o nivel educativo do centro.</p> <p>Incluíronse no estudo todos os alumnos das aulas seleccionadas, de 6 a 15 anos.</p> <p>Criterio de estratificación: grao de urbanización dos concellos aos que pertencen os centros educativos (6 estratos).</p>
<b>Tamaño da mostra</b>	<p>137 centros, 56 de EP, 51 de ESO e 29 que teñen tanto EP como ESO.</p> <p>255 aulas de EP e 161 aulas de ESO.</p> <p>4.550 escolares de EP e 2.893 de ESO (7.443 en total).</p>
<b>Método de recollida da información</b>	Presencial nos centros educativos.
<b>Cuestionario</b>	O instrumento de medida incluía un parte de medicións onde os enquisadores rexistraban o peso, a estatura e o perímetro de cintura, e un breve cuestionario de 7



preguntas sobre datos demográficos, hábitos relacionados co almorzo, o xantar e a actividade física.